

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PERSOAL TÉCNICO DE I+D+I 2024

No BOE de data 31 de outubro de 2024 publicouse o Extracto da Resolución de 29 de outubro de 2024 da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación, pola que se aproba a convocatoria 2024 das axudas para persoal técnico de I+D+i, do Programa Estatal de Recursos Humanos, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación para o período 2024-2027. O texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións, con identificador BDNS: 794095

A finalidade destas axudas é incentivar a contratación laboral de persoal técnico de I+D+i en Centros de I+D, destinado ao manexo de equipos, instalacións e demais infraestruturas de I+D+i co fin de incrementar e mellorar as prestacións e rendemento das infraestruturas científico-tecnolóxicas.

En canto a contía máxima, esta ascende aos 10.000.000,00 de euros, que podería chegar a ser incrementada nunha contía adicional de ata 2.000.000,00 de euros.

As solicitudes de participación as presentaran os centros de I+D incluíndo nelas ás persoas participantes, aínda que previamente estas últimas deben cumprimentar o formulario electrónico da solicitude.

Os prazos para presentar as solicitudes son os seguintes:

- No caso dos Centros de I+D o prazo de presentación das solicitudes de participación abarca dende o día 12 de novembro de 2024 ata o día 3 de decembro de 2024 ás 14:00 horas (hora peninsular española).
- Sen prexuízo do anterior e no caso das persoas participantes, o prazo abarca dende o día 12 de novembro de 2024 ata o día 26 de novembro de 2024 ás 14 horas (hora peninsular española).

A continuación dispoñedes dun pequeno vídeo-resumo e no lateral dereito daquelas ligazóns ou documentos que resulten de interese.

[Axudas para contratos de Personal Técnico de I+D+i 2024 \(ciencia.gob.es\)](#)
ministerio acceso a solicitudes

[Axudas para contratos de Personal Técnico de I+D+i | Axencia Estatal de Investigación \(aei.gob.es\)](#) aei

LIGAZÓNS ASOCIADAS

Resolución da Convocatoria de Axuda para Persoal Técnico de I+D+i 2024

Extracto Convocatoria de Axudas para Persoal Técnico de I+D+i 2024

Fichas Resumo convocatoria Axudas Persoal Técnico de I+D+i 2024